

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
DOZÓN

Contratos administrativos

*APERTURA CONVOCATORIA CONTINUA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E
FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE DOZÓN*

*APERTURA CONVOCATORIA CONTINUA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FUNCIONAMENTO
DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE DOZÓN*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Dozón, en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de abril de 2021, acordou aprobar as “Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do viveiro de empresas do Concello de Dozón”.

A convocatoria e as bases aprobadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello de Dozón (www.dozon.gal) e na sede electrónica do Concello de Dozón na seguinte dirección <http://dozon.sedelectronica.gal>.

O artigo 8.3. das citadas Bases establece: “Unha vez pechado o prazo marcado para a admisión de solicitudes da convocatoria de primeira ocupación do Viveiro e rematado o proceso completo de selección, no caso de que quedaran espazos vacantes abrirase anualmente unha convocatoria continua na que os interesados poderán presentar as súas solicitudes do modo que se indica nestas bases”.

Por medio da presente ábrese unha convocatoria continua na que os interesados poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Dozón sito na Avda. Médico Martínez Iglesias s/n - Dozón, en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, ou nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Dozón na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde-Presidente

Adolfo Campos Vázquez

